



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|---|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Técnicas de Investigación e Documentación en Arquitectura | | Código | 630548004 |
| Titulación | Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 3 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición | | | |
| Coordinación | Río Vázquez, Antonio Santiago | Correo electrónico | antonio.rio.vazquez@udc.es | |
| Profesorado | Fuertes Dopico, Óscar López Salas, Estefanía Río Vázquez, Antonio Santiago | Correo electrónico | oscar.fuertes@udc.es estefania.lsalas@udc.es antonio.rio.vazquez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia ten como obxectivo proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para elaborar un traballo de investigación en arquitectura. Estudaranse os fundamentos da investigación científica, as fontes de información e os enfoques e metodoloxías específicas no campo da arquitectura, o que permitirá abordar con rigor e eficacia traballos de investigación académicos e coñecer as distintas posibilidades para divulgar os resultados. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | E01. Aptitude ou capacidade para acometer actividades de crítica arquitectónica, mediante a análise do patrimonio edificado baixo diferentes ópticas e a identificación dos precedentes formais, tipolóxicos e estilísticos. |
| A2 | E02. Aptitude ou capacidade para realizar tarefas vinculadas á protección do patrimonio edificado, incluídas a catalogación monumental, a definición de medidas de protección de edificios e conxuntos arquitectónicos, e a redacción de plans de delimitación e conservación. |
| A4 | E04. Aptitude ou capacidade para intervir no patrimonio edificado con valor histórico, aspecto que engloba a coordinación do seu estudo e a súa investigación documental, a elaboración de plans directores de conservación e a redacción e dirección da execución de proxectos de restauración e rehabilitación. |
| A8 | E08. Aptitude ou capacidade para redactar informes técnicos e proxectos de rehabilitación do patrimonio edificado, incluídas actividades de asesoramento e consultoría. |
| B1 | CB06. Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B3 | CB08. Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B4 | CB09. Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e as razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B5 | CB10. Que os estudantes manexen as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo. |
| C1 | T01. Capacidade de análise e síntese |
| C2 | T02. Capacidade de organización e planificación |
| C3 | T03. Comunicación oral e escrita |
| C4 | T04. Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo |
| C5 | T05. Capacidade para a xestión da información |
| C8 | T08. Aprendizaxe autónoma |
| C15 | T15. Cultura histórica |

Resultados da aprendizaxe



| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|--|-------------------------------------|--------------------------|----------------------------------|
| | | | |
| HISTORIA XERAL DA ARQUITECTURA: comprensión ou coñecemento da historia xeral da arquitectura, tanto en si mesma como na súa relación coas artes, as técnicas, as ciencias humanas, a historia do pensamento e os fenómenos urbanos. | AP1 | BP1 BP3 BP4 | CP1 CP15 |
| BASES ARTÍSTICAS: comprensión ou coñecemento da estética e a teoría das artes e da produción pasada e presente das belas artes e as artes aplicadas susceptibles de influir nas concepcións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas. | AP1 | BP1 BP3 BP4 | CP1 CP4 CP5 CP8 CP15 |
| BASES DA ARQUITECTURA OCCIDENTAL: comprensión ou coñecemento das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas da cultura occidental e dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos. | AP2 AP4 AP8 | BP1 BP3 BP4 BP5 | CP1 CP3 CP5 CP8 CP15 |
| BASES DA ARQUITECTURA NATIVA: comprensión ou coñecemento das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas de carácter nacional, local e vernáculo e dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos. | AP2 AP4 AP8 | BP1 BP3 BP4 BP5 | CP1 CP3 CP5 CP8 CP15 |
| SOCIOLOXÍA E HISTORIA URBANAS: comprensión ou coñecemento das relacións entre o medio físico e o medio social e as bases da teoría e a historia dos asentamentos humanos, da socioloxía, da economía urbana e da estadística como fundamentos dos estudos territoriais e urbanísticos. | AP2 AP4 | BP1 BP3 | CP1 CP2 CP3 CP5 CP15 |
| Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | BP5 | CP2 CP5 CP8 |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | BP1 BP3 BP4 | |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | AP1 AP2 AP4 | BP3 BP4 | CP3 |
| Comunicación oral e escrita na lingua nativa. | | | CP3 |
| Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. | | | CP4 CP5 |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. | AP8 | | CP3 |
| Sensibilidade estética. | AP1 AP2 AP4 | BP3 | CP1 CP15 |
| Capacidade de análise e síntese. | | | CP1 CP2 |
| Razoamento crítico. | AP1 AP2 AP4 | BP1 BP3 BP4 | CP1 CP3 CP15 |



| | | | |
|--|------------|-------------------|----------------------------------|
| Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. | AP1 AP4 | BP1 BP3 BP4 | CP1 CP2 CP3 CP5 CP15 |
| Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. | | BP3 BP4 | CP3 CP5 CP15 |
| Cultura histórica. | | | CP15 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Fundamentos da investigación en arquitectura | 1.1 Introducción 1.2 A investigación arquitectónica |
| 2. As fontes de información en arquitectura | 2.1 Fontes primarias 2.2 Fontes secundarias |
| 3. Fontes específicas en arquitectura | 3.1 Os arquivos de arquitectura 3.2 Recursos en internet |
| 4. Difusión da investigación | 4.1 Tipos de traballos de investigación 4.2 Difusión académica |

| Planificación | | | | |
|---------------------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A2 A4 A8 C1 C15 | 16 | 0 | 16 |
| Estudo de casos | A1 A2 A4 A8 B1 B3 B4 B5 C1 C2 | 3 | 0 | 3 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | B4 C8 | 2 | 0 | 2 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A4 A8 B1 B4 B5 C1 C2 C3 C4 C5 C8 | 0 | 50 | 50 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | As sesións maxistras consisten en clases teóricas de exposición oral complementadas con medios audiovisuais que faciliten a transmisión do coñecemento e a aprendizaxe. Asimesmo, durante ditas sesións preténdese conseguir un certo grado de participación por parte do alumnado para, a través da súa implicación, fomentar un proceso de aprendizaxe bidireccional, interactivo e dinámico. |
| Estudo de casos | Como complemento das sesións maxistras e co obxecto de promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes desenvolveranse en paralelo clases prácticas. Nelas o alumnado enfrontarase á resolución de casos concretos nos que por en práctica os contidos explicados nas clases maxistras e que, ó mesmo tempo, servan de referente ós temas obxecto de estudo nos traballos tutelados asignados. Asimesmo, ó longo do curso poden plantexarse visitas fora do ámbito da aula o traer invitado a algún especialista nos temas propios da materia. |



| | |
|---------------------------------------|--|
| Eventos científicos e/ou divulgativos | <p>Preparación de material síntese do traballo realizado na materia para a súa exposición conxunta a finais de curso no evento organizado polo Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición: &quot;Arquitecturas en Curso. DPAUC&quot; (paneis, maquetas, debuxos, vídeos, textos, performances, etc.).</p> <p>Asistencia a eventos divulgativos (congresos, xornadas, simposios, conferencias, etc.), organizados pola ETSAC, o DPAUC, etc., indicados polo profesorado da materia como parte do contido docente do curso, co obxectivo de proporcionar ao alumnado coñecementos e experiencias actuais referentes a un determinado ámbito de estudo.</p> |
| Traballos tutelados | <p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Refírese prioritariamente a aprendizaxe de &quot;cómo facer as cousas&quot;. Constitúe unha opción baseada na asunción por parte dos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento de ese aprendizaxe polo profesor-titor.</p> <p>Para a realización dos traballos tutelados o alumnado deberá realizar investigacións de campo referentes ás arquitecturas obxecto do seu propio traballo. Os alumnos tendrán unha certa capacidade de selección de ditos traballos. Asímesmo, dado o carácter tutelado deste traballo, deben producirse sesións periódicas de seguimento co profesorado, a fin de optimizar ou, no seu caso, reconducir as actividades en curso.</p> |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|--|
| Traballos tutelados Estudo de casos | <p>A atención personalizada desta materia realizarase a través do seguimento en clase do alumnado e mediante titorías presenciais.</p> <p>En canto os traballos tutelados, asignarase a cada estudante un tema, de entre os propostos, así como un profesor. Asímesmo, dado o carácter tutelado deste traballo, deben producirse sesións periódicas de seguimento co profesorado, a fin de optimizar e, no seu caso, reconducir as actividades en curso.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|--|---|---------------|
| Traballos tutelados | A1 A2 A4 A8 B1 B4 B5 C1 C2 C3 C4 C5 C8 | <p>O seu desenvolvemento enténdese de xeito plenamente individual e de natureza non presencial. De cara a garantir a autoría do traballo e a adecuada adquisición de competencias, na súa avaliación enténdese relevantes as sucesivas sesións de control a través das titorías presenciais co profesor asignado e, polo tanto, o grado de cumprimento con relación ás indicacións formuladas en cada caso polo profesorado.</p> <p>Outros aspectos a valorar son: a calidade da expresión gramatical, gráfica e documental final, a capacidade de análise e síntese, a profundidade e rigor dos argumentos e do seu desenvolvemento, o razoamento crítico, a búsqueda de fontes de información escritas e gráficas, a capacidade de relacionar os diferentes apartados, a corrección do estudo metodolóxico, da análise realizada e das conclusións presentadas ó final do traballo.</p> | 100 |

Observacións avaliación



Como nas restantes materias que integran o presente posgrado, esíxese ademáis unha asistencia non inferior ó 80% relativa á totalidade das sesións presenciais programadas.

Avaliación en segunda oportunidade: Para poder optar a avaliación en segunda oportunidade deben cumprirse as condicións de asistencia xerais durante o curso e ter entregado o traballo tutelado no prazo correspondente.

Avaliación en convocatoria adiantada: Para poder optar a avaliación en convocatoria adiantada deben cumprirse as condicións de asistencia xerais nun curso previo e ter entregado o traballo tutelado no prazo correspondente.

Calificación de non presentado: Se non se entrega o traballo tutelado no prazo correspondente, a calificación será de "Non presentado".

Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Para estes casos, sempre que conten con recoñecemento oficial da dirección do centro, non se terá en conta a esixencia da asistencia mínima, manténdose o resto de esixencias xerais establecidas.

Plaxio: No relativo ao plaxio se atenderá ao indicado no artigo 14º das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamación das Cualificacións dos Estudos de Grao e Mestrado Universitario.

A

realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Groat, Linda y Wang, David (2013). Architectural research methods. Hoboken: Wiley - Lucas, Ray (2016). Research Methods for Architecture. London: Laurence King - Walker, Melissa (2012). Cómo escribir trabajos de investigación. Barcelona: Gedisa - Blaxter, Loraine; Hughes Christina y Tight, Malcolm (2008). Cómo se investiga. Barcelona: Graó - Eco, Umberto (2011). Cómo se hace una tesis. Barcelona: Gedisa |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Icart Isern, M. Teresa y Pulpón Segura Anna M. (coords.) (2012). Cómo elaborar y presentar un proyecto de investigación, una tesina y una tesis. Barcelona: Universitat de Barcelona - Ramírez, Juan Antonio (1999). Cómo escribir sobre arte y arquitectura. Barcelona: Ediciones del Serbal - Melendo, Tomás (2012). Cómo elegir, madurar y confeccionar un trabajo de investigación. Madrid: Internacionales Universitarias - Sierra Bravo, Restituto (2007). Tesis doctorales y trabajos de investigación científica. Madrid: Thomson - Tolchinsky Landsman, Liliana; Escofet Roig, Anna y Rubio Hurtado, María José (2003). Tesis, tesinas y otras tesituras. De la pregunta de investigación a la defensa de la tesis. Barcelona: Universitat de Barcelona <p>Nos trabalos tutelados, o alumnado recibirá unha bibliografía específica sobre o tema a desenvolver.</p> |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

<p>Esta materia plantexa as bases de coñecemento necesarias para a realización de traballos de investigación en arquitectura.</p>

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías